

FARO DE VIGO

“Ás veces, o mestre é o último recurso para evitar que unha vida sexa desgraciada”

“En Galicia somos un país de gran riqueza artística e talento grazas a que temos unha cultura propia que nos leva a reflexionar e a debater máis”

[María Bueno](#) Vigo 16 de setembro de 2024

<https://www.farodevigo.es/faroeduca/2024/09/16/as-veces-o-mestre-o-108193529.html>

Un dos máximos expoñentes das [nosas letras](#) asómase hoxe ás **páxinas do Faro Educa** para dar a benvida ao [curso escolar](#) e con el ao literario. **Suso De Toro, Premio Nacional de Narrativa** e autor dunha extensa obra entre a que destaca a novela *Trece badaladas*, levada ao cine, exerceu tamén como mestre de Secundaria e publicou títulos xuvenís como *A sombra cazadora* ou a *Conta saldada*.

“Mentres falo contigo estou recollendo herbas”, di ao outro lado do teléfono e, así, con esa pracenteira sensación que deixan os primeiros días de setembro ao aire libre, comeza unha conversa na que viaxaremos a través da historia da Europa do Século XVIII e a música clásica ata Compostela da man de [O Segredo de Joseph Haydn](#), onde se narra a inesperada e divertida viaxe do gran **compositor alemán ao reino galego**. Unha historia tan sabedeira para o pequeno lector como para o mestre xermano foron as ameixas que se mandou en Carril. Abofé que lle gustaron e prestaron. E a quen non?!

- **O sábado botei un bo anaco lendo ‘O Segredo de Joseph Haydn’ mentres escoitaba a súa música ou as Danzas de Reis de Guláns. Nunca o fixera e penso na cantidade de portas que nos abren os libros.**

A literatura, se a deixas traballar; se es quen de deixar solta a imaxinación, vaite levar... Precisamente diso se trata, non? De saír do que está establecido, de saír do que xa está contado e chegar a outros lugares.

- **Por exemplo á literatura infantoxuvenil. Sorpréndeme velo como autor deste xénero. Cambia moito escribir para persoas máis novas?**

Tes en conta certos aspectos e límites na expresión, pero ao mesmo tempo eu intento que non resulte cursi ou ñoño, que tamén o poida ler eu como adulto. Neste caso, escribir sobre Joseph Haydn a min propúxome o músico Luis Soto, da Real Filharmonía de Galicia. O desafío era ‘a ver

como fago para non contar o que xa está contado' porque ademais Haydn foi un home cunha vida moi apracíbel. Entón xurdiu a posibilidade de facer unha fuga, un desvío a Galicia, nas dúas viaxes que fixo a Inglaterra. E esa foi a cousa.

- **Menos a viaxe a Galicia, todo o que relata está documentado. Chaman a atención todas as referencias históricas e musicais da novela... Non tiña nin idea da orixe compostelá da Chacona.**

Iso si que hai un músico que cito no libro, Fernando Reyes, que fixo estudos e demostrou que hai unha posibilidade real, pero ademais tamén é certo que nesa época hai un cambio na música que se fai en Galicia, que consiste en pasar da influencia italiana á vienesa, precisamente de onde é Haydn; e tamén houbo corsarios en Carril. Logo fun calzando pezas. Arrimeei un pouco a sardiña á brasa (ri). Vou descubrindo tamén, tamén un vai aprendendo cos anos e coa práctica, que canto máis te documentas, canto máis sabes e canta máis información tes, tamén máis espazo cabe para imaxinar. Digamos que xa non é fantasía, é imaxinación.

- **Escachaba coa risa. Foi vostede capaz de pórllle retranca galega ao mesmísimo Mozart, e perfila a Haydn coa inocencia e a curiosidade dun rapaz. Son estas as características do artista?**

No caso de Haydn, el é descrito polos seus contemporáneos como unha persoa de bo carácter, pero hai outra cousa: todos nós, sexamos como sexamos, cando nos trasladamos de viaxe e deixamos atrás a nosa vida diaria e as nosas preocupacións, sentímonos máis tranquilos e libres. Vivimos unha situación dun certo regreso á infancia e iso foi o que quixen contar coa personaxe.

Pero sobre a inocencia: eu si creo que os artistas precisan dunha certa abertura ante a vida porque o artista non debe dar por feito a realidade, nin pensar ou vivir con ideas previas, debe ser capaz de ver cada momento e personaxe por el mesmo.

- **Como un neno?**

Si, precisamente como un neno, con esa apertura vital que ten o neno de descubrir.

- **Non sei se os bota de menos, se estraña a docencia?**

Non. É certo que sempre fun neneiro: ese aspecto de trato coa xente nova alimenta, pero o de dar aulas, recoñezo que nunca tiven vocación; a pesar de todo, hai xente que garda boa idea de min como profesor e alégrame moito.

- **Xa non sei se preguntarllo como docente ou como artista, pero que autor cre que non debe faltar nas aulas?**

Eu creo que o que non debe faltar son obras literarias que sexan libres e que alimenten a imaxinación. Non me gusta a literatura cando se escribe para educar no sentido de pretender introducir ideas, aínda que sexan boas. Eu creo que ler en si mesmo xa nos alimenta, xa nos fai mellores, xa nos fai máis fortes como persoas. Quizás hai un par de libros da literatura galega... Sería *Cousas*, de Castelao; e, de Dieste, *Dos Arquivos do Trasnó*. Eses dous libros que son clásicos ao mesmo tempo que moi fermosos. Moi delicados.

- **Castelao e Dieste veñen moi a conto porque tamén quería preguntarlle pola situación que viven actualmente a lingua e a cultura galega.**

Eu vexo que é un momento moi fecundo francamente. Boto a vista atrás e paréceme que todo se está a mover moito máis, hai máis xente escribindo, con máis temáticas e estilos distintos, con

máis debates. No audiovisual tamén temos moita xente traballando porque, claro, a industria aliméntase do talento e aquí temos moito. Pero en todo isto hai que ter en conta unha cousa: esa riqueza non vén porque sexamos unha poboación moi grande, senón porque temos unha cultura propia e iso fai que a xente teña que pensar reflexionar e debater máis. Por iso somos un país de gran riqueza artística en proporción á poboación que temos.

Outra cousa é que a literatura galega baixo o estado español segue sen pintar. Basta dicir que o maior recoñecemento literario que dá este Estado, o Premio Cervantes, é exclusivamente para autores en *lengua castellana*.

- **Unha habilidade?**

Como? Unha que teña eu? (ri)

- **Perdón, quería dicir unha na que deba de pórse o foco nas aulas.**

A aula trátase dun espazo no que efectivamente hai unhas relacións de poder: é o docente o que dirixe o que acontece na aula, pero non hai que esquecer que ten tamén un aspecto de protección. Iso ten relación coa empatía: moitas veces o neno ou a nena non ten a ninguén a quen acudir excepto ao ou á que o escoite. Ás veces, o mestre ou a mestra son o último recurso para evitar que haxa unha vida desgraciada e iso é importante, iso nunca nolo explican.

- **Hai que estar atento, dispoñible.**

Un profesor sempre é máis importante para cada alumno e alumna do que nós pensamos. Ao cabo, somos adultos ante persoas que aínda se están formando e, por tanto, referencias humanas. A infancia e sobre todo a adolescencia son momentos delicados, é importante que podan ver diante deles persoas con ilusión, con esperanza, con capacidade creativa e que lles aporten unha actitude que os anime a vivir.